

Bernardo Varela López, deputado do grupo provincial do BNG na Deputación de Ourense, ao abeiro da Lei da Administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes presenta a seguinte moción: **Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos da Deputación de Ourense.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á vista da realidade socio-económica que padecemos na Provincia de Ourense, e as gravísimas consecuencias que xa estamos a sufrir e das cales difícilmente se alvisca unha saída, entendemos que é o momento dun cambio de modelo no reparto dos fondos provinciais destinados aos concellos, tanto nas cantidades como nos criterios.

Para os concellos é innegable a influencia negativa que a crise xerada pola COVID19 vai ter nas achegas na participación nos tributos do Estado e da Xunta e dos propios ingresos das taxas e impostos municipais, cunha probable redución que podería chegar ó 30%, o que fai imprescindible a modificación nos criterios de reparto dos fondos provinciais destinados aos mesmos.

A última modificación orzamentaria da Deputación de Ourense aporta unhas partidas de ínfimas achegas adicadas aos concellos por parte do actual goberno provincial. Esta última modificación de crédito dos orzamentos provinciais supón un abandono dos concellos de Ourense. Dos 8.200.000 da modificación orzamentaria, só 150.000€ son axudas directas polo coronavirus para fins sociais nos concellos e 1.830.000€ en axudas á empregabilidade.

Como indicábamos anteriormente os concellos da provincia recibirán unha cantidade ridícula para frear a crise económica e social que estamos a padecer e a que virá despois do estado de alarma: 150 mil euros de xeito directo a repartir entre os 91 concellos menores de 20.000 habitantes que compoñen a provincia, o que suporá unha asignación de entre 1.300 e 1.900 euros por concello. Mentres, boa parte dos fondos da última modificación orzamentaria se adican a partidas non prioritarias nesta época de crise e de incertidume creada pola Covid-19, como é o caso de fondos adicados a obras. O 1.200.000 € para o Centro de Innovación de FP, que se van sumar ó 1.500.000€ xa comprometidos no orzamento de 2020, e que son transferidos a unha administración con máis fondos que a propia Deputación como é a Xunta de Galiza, é un claro exemplo.

Nos últimos anos o resto de deputacións galegas veñen dando pasos para dotar da maior transparencia e obxectividade os cartos destinados á cooperación municipal. Este compromiso aínda se fixo mais firme na presente crise sanitaria, na cal as outras tres deputacións galegas puxeron en marcha plans de cooperación cos concellos dotados cun importante volume de fondos repartidos homoxeneamente segundo criterios que non dependen da cor política ou da afinidade do equipo de goberno. Como novidade, mesmo retirando as restriccións de gasto establecidas aos concellos desde a deputación, permitindo que sexan as corporacións municipais as que determinen os criterios de gasto da totalidade destes fondos, caso de Lugo.

Unha simple aproximación aos plans de asignacións de fondos de diferentes corporación provinciais permítenos observar as abismais diferenzas de recursos cos que se terán que enfrontar os concellos ás consecuencias do coronavirus en función da provincia na que se atopen situados. A Deputación da Coruña que repartirá máis de 100.000 euros a cada Concello de menos de 20.000 habitantes incluso ós de menor poboación, por exemplo, o concello de San Sadurniño, de 2.822 habitantes asígnanselle 125.000 euros para a crise do COVID e máis de 32.000 € para axudas sociais, todo esto por riba da xa abultada cifra (comparada con Ourense) de 393.000 € que lle corresponde dentro do Plan Único Provincial. Por confrontar cunha Deputación de similares características á nosa, a Deputación de Lugo con aproximadamente 100

millóns de euros de orzamento anual, aprobou a comezos de abril unha partida de 21.300.000 euros dentro do Plan Único, a repartir entre os concellos. A Negueira de Muñiz, o concello máis cativo da provincia de Lugo con só 215 habitantes, a Deputación de Lugo asigne 192.395,10 euros. Esta cantidade por si soa é superior ós 150.000 euros que a Deputación de Ourense vai repartir entre os 91 concellos menores de 20.000 habitantes, e repetimolo, supón unha achega económica aos mesmos de entre 1.300 e 1.900 euros para facer fronte ás necesidades inmediatas da súa poboación.

Cantidades infimas que non se ven compensadas de xeito realista por outras axudas complementarias das que se fai gala desde esta institución. Como as 1500 tarxetas con 300€ que van repartir, ou as axudas a Autónomos e traballadores en ERTE ou paro, que dificilmente aliviarán a situación real, senon como medida propagandística de cara á opinión pública. Por por un exemplo, os 300.000 € adicados a traballadores en paro ou ERTE, tendo en conta que no mes de marzo foron máis de 14.900 na nosa provincia, se tan só a metade deles solicitaran a axuda suporía unha achega de apenas 50€ por persoa, co cal seguramente moitos deles simplemente nin a solicitaran

Faise precisa e urxente unha financiación axeitada para garantir que os Concellos Ourenzáns estén en disposición de afrontar coas mínimas garantías as necesidades máis inmediatas e tamén as de medio prazo tanto da súa veciñanza como do seu tecido socio-económico.

O GRUPO PROVINCIAL DO BNG SOLICITA A TOMA EN CONSIDERACIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

1. A Deputación Provincial de Ourense insta ao Estado a que lle permita dispoñibilizar o remanente de tesourería desta institución para polos a disposición dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. Instando á derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
2. A Deputación de Ourense realizará un reparto proporcional do remanente de tesourería entre os 91 concellos menores de 20.000 habitantes, a través dun reparto lineal base do 30% dos fondos e no que

o 70% restante se concederá en función dos criterios acordados no seo da FEGAMP.

3. Os orzamentos provinciais para o 2021 establecerán unha aportación mínima do 25% para o Plan Único de Cooperación cos Concellos, que se repartirá cos criterios establecidos na FEGAMP e aplicados no resto das Provincias Galegas e no Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galiza.
4. Instar á Xunta de Galiza a realizar un incremento sustancial do Fondo de Cooperación Local, o cal permita aos concellos galegos dotarse dunha estabilidade e fiabilidade nos ingresos nestes tempos complexos. Estes fondos procederían dos múltiples convenios e ordes de subvencións que todos os anos se publican por parte da Xunta e que xeran unha enorme carga administrativa farragosa e innecesaria, e nas cales en moitos casos a varemación para a súa adxudicación resulta cando menos pouco clara.

En Ourense a 13 de maio de 2020

Bernardo Varela López

Voceiro do Grupo Provincial do BNG

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE